



## ESPAZO EDUCATIVO E DE LECER MARÍA MIRAMONTES

### PROGRAMA DE CONCILIACIÓN DE SEMANA SANTA 2022

**Prazo de inscrición:** do 15 ao 21 de marzo de 2022 (ambos os dous incluídos).

O Espazo Educativo e de Lecer *María Miramontes* (Ludoteca das Fontiñas) está ubicado na Rúa Fontes do Sar, núm. 3, en Santiago de Compostela. Conta cunha superficie total construída de 1.080,50m<sup>2</sup> e unha superficie útil de 730,63 m<sup>2</sup>, dividida en dúas plantas.

Este equipamento municipal está concibido para acoller espazos de xogo libre, espontáneo e creativo e tamén dirixido, co obxecto de proporcionar aos nenos e nenas con idades comprendidas entre os 2 e os 12 anos, espazos acondicionados para o xogo, posibilidades de relacionarse, acceso a xogos e xoguetes e outros materiais lúdicos, animación á lectura, promoción do libro e todas aquelas propostas que favorezan, ademais, a conciliación da vida persoal, laboral e familiar. Tamén está dispoñible como recurso educativo especializado para a utilización, en horario lectivo, polos centros de ensino do municipio de Santiago de Compostela.

Ten unha finalidade lúdica, socioeducativa, cívica, cultural e inclusiva, cun proxecto cuxo obxectivo principal é garantir o dereito dos nenos e nenas ao xogo e a colaborar, así, no desenvolvemento integral da persoa, polo que está equipado cun fondo organizado de xogos, xoguetes, libros e outros elementos lúdicos adecuados á súa idade. Inclúen espazos psicomotrices, áreas de xogo simbólicas e tamén xogos multimedia.

A xestión do equipamento está externalizado a través dun contrato de servizos. Un equipo de profesionais guía ás persoas usuarias na selección de xogos sensoriais, de manipulación, de movemento, de construción e de regras, de xogos multimedia simbólicos e axeitados á idade. Fomenta tamén a participación dos nenos e nenas no campo sociocultural e en actividades da súa contorna.

#### **Obxectivos**

- Ofrecer un espazo axeitado para o xogo, favorecedor do desenvolvemento psicomotor, cognitivo, crítico, creativo e afectivo do neno/a.
- Traballar na creación dunha nova concepción do xoguete, ampliando a exclusividade do xoguete comercializado.
- Favorecer unha relación distinta co obxecto lúdico, a través da manipulación, recreando o seu uso, a través dun proceso globalizador de invención, construción, reparación e transformación.
- Fomentar todo tipo de iniciativas e actividades arredor da promoción do libro e da animación á lectura.
- Colaborar moi especialmente na promoción da lingua galega, do xogo popular e tradicional, da animación á lectura e na recuperación de xogos e xoguetes que teñan que ver co noso acervo cultural propio.
- Facilitar a conciliación familiar.



## 1- CARACTERÍSTICAS DO PROGRAMA DE CONCILIACIÓN DE SEMANA SANTA

- Poboación destinataria do programa de conciliación de Semana Santa

Nenos e nenas empadroados ou que estean matriculados nun centro de ensino no municipio de Santiago de Compostela.

Destinatarios: 3 anos	10 prazas
Destinatarios: 4, 5, 6 anos	35 prazas
Destinatarios: 7, 8, 9, 10, 11 e 12 anos	28 prazas

\*Nenos e nenas con 3 anos escolarizados.

A distribución de prazas pode variar dependendo do número e idades dos participantes.

- Datás de realización: 11,12,13 e 18 de abril do 2022.
- Modalidade: Completa: os 4 días.
- Horario de funcionamento en período non lectivo: de luns a venres de 7.45 a 15.00
- 

HORA	SERVIZO
7:45 - 9:00	ACTIVIDADE LIBRE E CUSTODIA
9:00 - 10:00	ACTIVIDADE LIBRE
10:00 - 13:30	ACTIVIDADES DIRIXIDAS
13:30 - 15:00	ACTIVIDADE LIBRE E CUSTODIA

\*O centro non dispón de servizo de almorzo e comida.

## 2.- CRITERIOS DE ACCESO AO SERVIZO

Durante o período non lectivo de Semana Santa este equipamento está pensado para responder ás necesidades de conciliación das familias. É por iso que o acceso aos seus servizos debe priorizar a aquelas que traballen ou que estean en tránsito do traballo a casa, entre as 7:45 e as 15 horas.

No caso de que houbera máis solicitantes que prazas é preciso establecer a seguinte orde de preferencia na asignación das prazas entre aqueles solicitantes que están dados de alta e presentaron a solicitude de participación no programa de Semana Santa:

1. Familias monoparentais que traballen ou estean en tránsito do traballo a casa no horario de funcionamento do equipamento.
2. Familias cos dous adultos que traballen ou estean en tránsito do traballo a casa no horario de funcionamento do equipamento.



3. Familias con ao menos un membro en risco de vulnerabilidade (desemprego, discapacidade, violencia de xénero, ...), con informe de Servizos Sociais.
4. Familias con nenos e nenas en acollida.
5. Familias numerosas.

### **3.- PROCEDEMENTO DE ALTA E ACCESO NO ESPAZO EDUCATIVO E DE LECER MARÍA MIRAMONTES**

Este equipamento está pensado para responder ás necesidades dos cidadáns e garantir o seu dereito a utilízalas. É por iso que o acceso aos seus servizos debe combinar un sistema de rotación e xestión da lista de agarda para permitir o uso e disfrute do maior número de nenos e nenas posible.

Haberá unha única vía de acceso a través do rexistro realizado polos familiares do neno/a. A persoa legalmente responsable do menor debe dar de alta a cada persoa usuaria cubrindo o formulario de solicitude correspondente no que facilitará a información e documentación correspondente, autoriza a estadía do menor na instalación e acepta as condicións de funcionamento interno.

O formulario poderá descargarse da web municipal [www.santiagodecompostela.gal](http://www.santiagodecompostela.gal) e na da ludoteca María Miramontes:

[www.espazolecermariamiramontes.santiagodecompostela.gal](http://www.espazolecermariamiramontes.santiagodecompostela.gal), (modelo de solicitude ALTA NO ESPAZO EDUCATIVO E DE LECER " MARÍA MIRAMONTES"; ED009), nos prazos establecidos.

Procedemento de alta:

1. Alta no servizo no rexistro xeral do Concello.
2. Confirmación por parte do Concello.
3. Solicitude de inscrición nas actividades na web do centro.
4. Confirmación da praza por parte da Dirección do centro.

A alta do servizo non garantiza o uso inmediato do mesmo dadas as limitacións espaciais e os protocolos e normativa correspondente. Para poder facer uso do servizo, as persoas dadas de alta (usuarios/as do servizo) que teñan a confirmación correspondente do Departamento de Educación e que desexen facer uso do mesmo deberán solicitar a súa praza na web da ludoteca, no formulario creado ao efecto.

Cumprírase a Lei de protección de datos e solicitaranse as autorizacións necesarias para o uso da imaxe de menores e a autorización relativa á persoa que ten que vir a recollelo. O equipamento conta cun libro de reclamacións para as persoas usuarias.



A documentación a achegar polos interesados/as no momento da alta é a seguinte:

1. Documentación obrigatoria:
  - Documento que acredite a identidade do pai, nai ou representante legal.
  - Fotocopia do libro de familia ou do título de familia numerosa. A situación de familia monoparental acreditarase con copia da sentenza de separación, divorcio, nulidade ou medidas paterno filiais.
  - Copia da tarxeta sanitaria.
  - Xustificación de ocupación laboral, actualizada e detallada (indicando horarios laborais), dos titores legais.
  - No caso de persoas desempregadas, certificación de ser demandante de emprego.
  
2. Documentación complementaria dependendo da situación familiar:
  - Informe dos Servizos Sociais nos supostos en que sexa necesario por falta de acreditación documental suficiente ou pola situación especial na que viva a unidade familiar.
  - Certificado do centro educativo no que está matriculado/a o/a/ neno/a no caso de non estar empadroadado no Concello de Santiago de Compostela.
  - Acreditación da representación, se procede.
  - Copia da resolución administrativa de acollemento.

#### **4.- PROCEDIMENTO DE INSCRICIÓN PARA O PERÍODO DE SEMANA SANTA**


A.- Nenos/as que non están dados de alta no Espazo Miramontes:

A.1.-Todas as persoas que desexen participar nas actividades da Ludoteca (tanto nos períodos lectivos como non lectivos) deben estar dadas de **alta** como requisito imprescindible. Deberán cubrir o formulario de solicitude correspondente no que facilitarán a información e documentación correspondente, autorizan a estadia do menor na instalación e aceptan as condicións de funcionamento interno.

O formulario poderá descargarse da páxina web municipal [www.santiagodecompostela.gal](http://www.santiagodecompostela.gal) e da específica da ludoteca María Miramontes [www.espazolecermariamiramontes.santiagodecompostela.gal](http://www.espazolecermariamiramontes.santiagodecompostela.gal).

As solicitudes presentaranse segundo modelo normalizado ben por medios electrónicos ou de xeito presencial, no Rexistro xeral do Concello de Santiago (Rúa Presidente Salvador Allende 4, Galeras) ou mediante calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

A.2.-Unha vez realizado o trámite, facilitaráselle un número de alta que xa lle permitirá solicitar diferentes servizos.



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

Departamento de Educación

A.3.- Solicitarán a inscrición no programa de Semana Santa cubrindo o formulario específico da páxina web da Ludoteca.



B.- Nenos/as que xa están dados de alta no Espazo Miramontes:

Aquelas familias de nenos/as que xa están dados de alta no Espazo Miramontes deben cubrir o formulario de solicitude da páxina web [www.espazolecermariamiramontes.santiagodecompostela.gal](http://www.espazolecermariamiramontes.santiagodecompostela.gal). Se as circunstancias laborais e familiares mudaron dende a data de alta no Espazo Miramontes deberán acreditarlo coa documentación actualizada correspondente mediante a súa presentación no Rexistro do concello.

**5.- PRAZO DE INSCRICIÓN NO PROGRAMA DE SEMANA SANTA:** do 15 ao 21 de marzo de 2022 (ambos os dous incluídos). Se quedaran prazas libres ao remate do prazo de inscrición, estas iranse cubrindo por orde de inscrición.

**6. RÉXIME DE PREZOS:** de balde, de acordo co recollido no Prego de Prescricións Técnicas que rexen este contrato e que establece a temporalidade e gratuidade do programa piloto para a implantación dun servizo de atención á infancia para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal na Ludoteca das Fontiñas ubicada no Espazo Educativo e de Lecer María Miramontes.

#### **7.- NORMATIVA COVID:**

As persoas participantes deben cumprir coa normativa COVID vixente, consistente en:

- Desinfección de máns na entrada do equipamento.
- Uso de máscara obrigatorio para persoas maiores de 6 anos.
- Manter a distancia de seguridade (ao menos de 1,50 metros).
- Os grupos accederán pola entrada principal e o abandonarán polo xardín exterior.
- O centro permanecerá coas portas e ventas abertas para garantir unha correcta ventilación.

#### **Máis información:**

Espazo Educativo e de Lecer María Miramontes  
Concello de Santiago de Compostela,  
Departamento de Educación  
Rúa Fontes do Sar, Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 542 464

[www.espazolecermariamiramontes.santiagodecompostela.gal](http://www.espazolecermariamiramontes.santiagodecompostela.gal)  
[espazomiramontes@santiagodecompostela.gal](mailto:espazomiramontes@santiagodecompostela.gal)